



Concello de Monterroso

DECRETO 22/10/2020

ANTECEDENTES

Con data de 18 de novembro de 2019 foron aprobadas por decreto de alcaldía as bases para a constitución dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar, visto que nestes momentos esta bolsa resulta insuficiente ás necesidades municipais aprobase por decreto de alcaldía en data de 24/09/2020 unha segunda ampliación de dita bolsa de emprego.

Unha vez revisadas as bases aprobadas en data de 18/11/2019 considérase necesario correxir e aclarar as mesmas nos seguintes puntos:

Primerio.- detéctase un error en canto os requisitos esixidos na titulación na base quinta. 2

“QUINTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

2.- Requisitos xerais dos aspirantes:

Requisito específico para o acceso ao posto de auxiliares de axuda no fogar: **Posuír a titulación de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente e o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente**, e o carné de conducir B1 e dispoñibilidade de vehículo propio para desprazarse aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo.”

Correxido dito erro as bases quedarían da seguinte forma:

“QUINTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

2.- Requisitos xerais dos aspirantes:

Requisito específico para o acceso ao posto de auxiliares de axuda no fogar: **Posuír a titulación de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente ou o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente**, e o carné de conducir B1 e dispoñibilidade de vehículo propio para desprazarse aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo.”

Segundo.- O mesmo tempo procédese a aclarar a duración das mesmas bases, a cal esta fixada na base undécima:

UNDÉCIMA. Funcionamento da Bolsa de Traballo

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia mínima de 1 ano e máxima de 3 anos, e dicir que unha vez pasada esta vixencia ditas bolsas de emprego poderán ser anuladas e substituídas por outras mais acordes a situación actual, o que levaría consigo a anulación da bolsa de emprego constituída en base a dita bolsa.

Terceiro.- Publicar as bases no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal www.monterroso.es.

Monterroso, 22 de outubro de 2020

A Alcaldesa

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 42WD4478DKDD5G6CKT7NRFDN | Corrección: <https://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Monterroso

Rocio Seijas Vázquez

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 42WD4476PDKDD5G6CKT7NRFDN | Corrección: <https://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2